



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2017

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 2 de xaneiro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:02 h.

HORA DE REMATE: 20:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. XoÁN Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 19 de decembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

Este punto foi retirado da orde do día.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:



Concello de Cangas

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta



Concello de Cangas

para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.210.- A XAREIRA PROMOCIÓN, SLU, con enderezo a efectos de notificacións en Barrio Igrexas, Camiño Moreira, nº 3-Chapela (36320 Redondela), para no lugar das Trallas-Pinténs-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha piscina, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto A.M.G. visado en data 16 de novembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a quince mil noventa euros con un céntimo (15.090,01 €).

EXPEDIENTE Nº 24.716-A.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.715. – A S.C.O., con enderezo en Rúa Río Esteiro, nº 30-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.713. - LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR L.S.S.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 27 de decembro de 2016, acordou:



Concello de Cangas

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a L.S.S., con enderezo en Lugar Trigás, nº 9-Coiro, para vivenda, sita nas Gruncheiras-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.602.

b) Así mesmo se aproba a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.903/15.- A COSVIL SERVICIOS, SL, para cambio de titularidade de local sito na Avda. de Vigo, nº 77-Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) INFORME PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO DE URBANISMO S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009-S

Dáse conta do informe proposta da xefa de Urbanismo do día 27.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 60/2009-S

Procedemento: rectificación acto administrativo

INFORME-PROPOSTA

*PRIMERO.- O pasado 21.11.2016 adoptouse, con base a unha proposta de dezaseis de novembro do ano en curso de quen subscribe este informe, un acordo pola Xunta de Goberno Local, en relación co **EXPEDIENTE 60/2009-S**, no cal acordouse:*

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a sanción imposta a L.P.Q. en cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad. Sec.2, de 9 de xuño de 2016, ditada no procedemento ordinario nº 519/2014-MS e no expediente de sanción nº 60/2009, tramitado polo Concello de Cangas, pola que impoñía unha multa de seis mil un euros (6.001,00 €).



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados.

Con base a dita proposta o ORAL ditou Resolución o pasado 16.12.2016 mediante a cal procede á anulación da liquidación 20163936008IF01L000001, efectuada a P.Q.L.M. CANGAS EXPTE. Nº 60/2009 SANCIÓN URBANÍSTICA.

*SEGUNDO.- Advertido un erro na numeración do expediente, toda vez que en dita proposta tratábase de dar conta do fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad. Sec.2, correspondente ao **procedemento ordinario nº 519/2014-MS**, ditado o 9 de xuño de 2016, relativo ao **expediente de restauración da legalidade urbanística nº 60/2009**, que o acordo se adoptou sobre o 60/2009-S, que é o expediente de sanción incoado a esa mesma titular e resultando que as administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público e ao ordenamento xurídico, proponse á Xunta de Goberno a rectificación do acordo adoptado, para que este sexa ditado no seno do expediente nº 60/2009, que é o que se correspondente coa sentenza ditada.*

TERCEIRO.- En dita sentenza estímase o recurso de apelación interposto por L.P.Q., contra a sentenza de 24 de novembro de 2015, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra; sentenza que revoga e declara que o acto administrativo impugnado (resolución de 04.07,2014 do expediente de restauración da legalidade urbanística 60/2009) non é conforme a Dereito por ditarse nun expediente caducado e o anula.

*A resolución anulada é a ditada en data 04.07.2014, confirmatoria en vía administrativa da anterior de 29.04.2014 **correspondentes ao expediente de restauración de legalidade urbanística 60/2009, e non ao expediente 60/2009-S.***

Esta resolución de 4 de xullo de 2014, ditada no seno do expediente de restauración da legalidade urbanística 60/2009, desestimaba o recurso de reposición formulado contra a resolución de data 29 de abril de 2014, no expediente 60/2009, pola que se declaran ilegalizables as obras realizadas por L.P.Q. e se ordenaba a súa demolición. Esta é a resolución que se anula e non á da imposición dunha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) a L.P.Q. no seno do expediente de sanción nº 60/2009-S.



Concello de Cangas

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto que a lexislación aplicable

- Os artigos nº 109 e nº 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Resultando que o procedemento para revogar o acto administrativo é o seguinte:

A) Iniciado o expediente darase audiencia ao interesado para que presente as alegacións que estime pertinentes en virtude do artigo da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

B) Á vista das alegacións que formulen, redactarse a proposta de resolución, formalizarse esta e se notificará á interesada co réxime de recurso preceptivo.

Sostendo que non estamos ante un acto administrativo nulo, non se considera oportuno tramitar un expediente de nulidade do acto administrativo conforme o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de goberno Local a adopción da seguinte proposta, en virtude do establecido nos artigos 109 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a adopción do seguinte ACORDO:

*PRIMEIRO.- Rectificar o acordo adoptado o pasado 21.11.2016 pola Xunta de Goberno Local, en relación co EXPEDIENTE Nº 60/2009-S, con base no disposto nos artigos 109 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, toda vez que o expediente ao que fai referencia a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad. Sec.2, de 9 de xuño de 2016, ditada no procedemento ordinario nº 519/2014-MS é o **60/2009 de restauración da legalidade urbanística e non ó 60/2009-S.***

Modificar o acordo adoptado e onde di:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 60/2009 S

Na Xunta de Goberno Local realizada o 26 de setembro de 2016, deuse conta do fallo correspondente ao procedemento ordinario nº 519/2014 MS, ditado o día 9 de xuño de 2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2., no que se estima o recurso de apelación interposto por L.P.Q., contra a sentenza de 24 de novembro de 2015, dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra; sentenza que revoga e declara que o acto



Concello de Cangas

administrativo impugnado non é conforme a Dereito por ditarse nun expediente caducado e o anula.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a sanción imposta a L.P.Q. en cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad. Sec.2, de 9 de xuño de 2016, ditada no procedemento ordinario nº 519/2014-MS e no expediente de sanción nº 60/2009 tramitado polo Concello de Cangas, pola que imponía unha multa de seis mil un euros (6.001,00 €).

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados”.

Deberá dicir:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 60/2009

Na Xunta de Goberno Local realizada o 26 de setembro de 2016 deuse conta do fallo correspondente ao procedemento ordinario nº 519/2014 MS, ditado o día 9 de xuño de 2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2., no que se estima o recurso de apelación interposto por L.P.Q., contra a sentenza de 24 de novembro de 2015, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra; sentenza que revoga e declara que o acto administrativo impugnado non é conforme a Dereito por ditarse nun expediente caducado e o anula.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*PRIMEIRO.- Informar que a Sentenza nº 393/2016, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2, correspondente ao **procedemento ordinario nº 519/2014 MS** estima o recurso de apelación interposto por L.P.Q., contra a sentenza de 24 de novembro de 2015, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra; sentenza que revoga e declara que o acto administrativo impugnado (resolución de 04.07.2014 do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 60/2009) non é conforme a Dereito, por ditarse nun expediente caducado e o anula.*



Concello de Cangas

*Aclarar que dito acto anulado por sentenza non é a sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) imposta a L.P.Q. no expediente nº 60/2009 S, senón a resolución de 4 de xullo de 2014, ditada no seno do expediente de restauración da legalidade urbanística nº **60/2009**, que desestimaba o recurso de reposición formulado contra a resolución de data 29 de abril de 2014, pola que se declaran ilegalizables as obras realizadas por L.P.Q. e se ordenaba a súa demolición.*

TERCEIRO.- Deixar sen efecto, pola nulidade declarada na Sentenza nº 393/2016 ditada no PO 509/2014 o pasado 09.06.2016 a Resolución de 04.07.2014 confirmatoria en vía administrativa da anterior de data 29.04.2014.

CUARTO.- Dar audiencia por un prazo de DEZ DÍAS á interesada e ao ORAL para que presente as alegacións que estime pertinentes en virtude do artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe proposta da xefa de urbanismo transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 60/2009-S.

5.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR DO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 40/2015-S

Dáse conta de proposta do día 26.12.2016 do instrutor do expediente de infracción urbanística nº 40/2015-S, que di o seguinte:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 40/2015

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2016, resulta que:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de M.V.V. e segundo consta no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de San Roque-Darbo, obras consistentes na realización dun muro a base de cachotería sen axustarse á aliñación establecida respecto do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo informe do arquitecto municipal que consta no expediente de data 19 de setembro de 2016.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Iniciado expediente de sanción por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2016, polas obras referidas executadas sen licenza, M.V.V., formula alegacións ao expediente de sanción, con data 8 de setembro do 2016, rexistro de entrada nº 12187, manifestando que:

'O muro ao que se alude non pode ser considerado obra, dado que xa existía hai máis de 15 anos e que, se se trata dun segundo muro, non existe unha orde de demolición como se indica, existindo, consecuentemente a prescrición da obra realizada'.

Esta alegación foi desestimada mediante acordo de data 5 de agosto do 2016, no cal se acordaba dar trámite da proposta de sanción de seis mil euros con un céntimo (6000,01 €) polas obras executadas.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 3 de outubro de 2016 acordou impoñer a M.V.V., unha sanción de seis mil un euros (6001,00 €) pola realización dun muro a base de cachotería sen axustarse á aliñación establecida respecto do camiño e a desestimación da alegación formulada polo interesado no expediente.

CUARTO.- Dentro do prazo conferido ao efecto para presentar recurso de reposición ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 03.10.2016 M.V.V. formula, con data 18 de novembro do 2016 (correos) e rexistro de entrada neste Concello 22.11.2016 co nº 15844, recurso de reposición manifestando que:

O recuado existente é superior a 3,80 metros, polo que solicita se comprobe a realidade da medición, ao non ser correcta a realizada polo técnico municipal, ademais a presente resolución infrinxe o principio de proporcionalidade.

Con data 1 de decembro do 2016 a inspección de obras informa que o muro obxecto da infracción invade máis de 1 metro o espazo viario delimitado pola liña que se pode observar no plano de aliñacións e foto aérea que achega ao informe, polo que o recurso de reposición formulado debe ser desestimado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo'.



Concello de Cangas

SEGUNDA.- O artigo 160 da Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística ás persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 20.12.2016, que sinala as obras realizadas están tipificadas como graves segundo o disposto no artigo 158.3.a da Lei 2/2016 se consideran ilegalizables por seren incompatibles cas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas (título V das Normas Urbanísticas II sistema viario).

En data 31 de agosto de 2016, emítase novo informe do arquitecto municipal ratificándose neste. Así mesmo, trala presentación do recurso de reposición obxecto deste informe o inspector municipal emite informe no que sinala que muro obxecto da infracción invade máis de 1 metro o espazo viario delimitado pola liña que se pode observar no plano de aliñacións e foto aérea que achega ao informe.

TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto manifestase o seguinte:

- O recuado existente é superior a 3,80 metros, polo que se solicita comprobe a realidade da medición ao non ser correcta a realizada polo técnico municipal, ademais a presente resolución infrinxe o principio de proporcionalidade.*

O recurso debe ser desestimado neste punto xa que a inspección de obras con data 1 de decembro do 2016 informa que o muro obxecto da infracción invade máis de 1 metro o espazo viario delimitado pola liña e o arquitecto municipal, nos informes emitidos no seno do expediente considera as obras executadas como ilegalizables.

Polo exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Manuel Vidal Vizoso contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro do 2016 do expediente de sanción nº 40/2015-S, pola que se acordou impoñer unha sanción de seis mil un euros (6001,00 €) polas obras realizadas no lugar de San Roque-Darbo, consistentes na realización dun muro a base de cachotería sen axustarse á aliñación establecida respecto do camiño polos razoamentos expostos no corpo desta resolución.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Confirmar o acordo da Xunta de Goberno Local de data de 3 de outubro de 2016 en todos os seus termos.

Dar traslado desta resolución ao departamento de Disciplina para que se notifique o acordo ao interesado e á Tesourería Municipal.

RECURSOS PROCEDENTES.- Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor do expediente de sanción por infracción urbanística nº 40/2015-S.

FACENDA

6º.- INFORMES S/DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
M.M.M.	FIANZA	505,41 €	LICENZA Nº 24.743

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 242/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dáse conta escrito do Servizo de Urbanismo, referente a sentenza nº 242/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no



Concello de Cangas

procedemento abreviado nº 58/2016, promovido por José Sotelo Miranda, que di o seguinte:

"PA 58/2016.- SENTENZA Nº 242/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

- A persoa recorrente: J.S.M.

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo, presentado polo procurador S.S.S., en representación de J.S.M., contra a resolución do Concello de Cangas de data 18.12.2015, pola que se revogan, deixándoos sen efectos, os seguintes actos administrativos: resolución de 25 de xaneiro de 2007, pola que se ordenaba a demolición dun cerramento no lugar da Rosada-Coiro e resolución de 20 de febreiro de 2015, pola que se impuxo unha multa coercitiva por incumprimento da referida orde de demolición, declaro que a actividade administrativa impugnada non é conforme a dereito, debendo ser anulada a resolución impugnada, non habendo lugar á revogación das citadas resolucións de 25 de xaneiro de 2007 e 20 de febreiro de 2015.

- As custas impóñense á parte demandada, sen que a súa contía exceda de catrocentos euros (400,00 €).

- Sentenza firme".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 242/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 58/2016, promovido por J.S.M.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.12.16, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:



Concello de Cangas

"Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo o informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** Concederlle a T.N.V., co expediente nº 36008/02/000028-VI0000052866, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- *Atencións de carácter psico social e educativo.*

Custo do servizo: *cincocentos trinta e nove euros con cincuenta e un céntimos (539,51 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica) cento once euros con trinta e seis céntimos (111,36 €).*

Número de horas: *44 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *xaneiro de 2017".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

9.A) CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 29.12.2016, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de seiscientos euros (600,00 €) a M.G.V.".*



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA "SERVIZO RESPONSABLE"

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 28.12.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para a posta en marcha do Programa "Servizo Responsable", que é como segue:

"RESOLUCIÓN

Que en relación á subvención concedida a este Concello polo importe de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €), ao abeiro da convocatoria de concesión de axudas económicas a entidades locais para a posta en marcha do Programa "Servizo Responsable", da Federación Española de Municipios e Provincias, vista a memoria-balance do programa realizado, vista a certificación da Intervención Municipal e con base as atribucións que teño conferidas, RESOLVO:

Primero.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a posta en marcha do Programa 'Servizo Responsable', polo importe de oito mil seiscentos corenta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos (8.645,85 €), de conformidade co seguinte desagregación:

Nº Factura	Provedor NIF	Concepto	Importe	Datas aprobación por R.A data de pago por transferencia bancaria
060-2016	Estudio M.M.	Deseño e arte final campaña corporativa "Fálame sempre" Cartelería, chapas e rollers	636,00	R.A. 20/12/2016 pago 28/12/2016
FACT00131	D.B.R.	Gravación da campaña consumo responsable	2.420,00	R.A.27/12/2016 Pago 28/12/2016
24	C.C.	Sesión fotográfica nos bares, iluminación, gravación en bares e montaxe	2.117,50	R.A.27/12/2016 Pago 28/12/2016



Concello de Cangas

001/2016	M.C.F.	Gravación vídeo presentación campaña "Fálame sempre" promoción do consumo responsable de alcohol nos bares	181,50,	R.A.27/12/2016 Pago 28/12/2016
002/2016	J.L.S.P.	Spot publicitario para a campaña "Fálame sempre"	181,50	R.A. 20/12/2016 Pago 28/12/2016
001/2016	M.C.R.S.	Gravación, presentación campaña "Fálame sempre"	181,50	R.A. 20/12/2016 Pago 28/12/2016
20	AMATURI D.B.R.	Formación e elaboración da campaña de consumo responsable "Fálame sempre"	1.627,00	R.A.27/12/2016 Pago 28/12/2016
001/2016	C.G.A.	Gravación presentación campaña "Fálame sempre"	181,50	R.A. 27/12/2016 28/12/2016
16095	AEME, SOLUCIONES GRÁFICAS	Gráfica campaña "Fálame sempre" chapas, roll-up DIN a4 color Impresión A· photoluster	1.027,35	R.A. 27/12/2016 28/12/2016
Total			8.645,85	

Segundo.- Que o Concello de Cangas para esta actuación que se xustifica "Servizo Responsable" non lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública o privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para a posta en marcha do Programa "Servizo Responsable".

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 51 DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL



Concello de Cangas

Dáse conta de proposta do día 28.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de transmisión de posto de venda de peixe nº 51 da Praza de Abastos Municipal, que é como segue:

"V-16/17

PROPOSTA DA A CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 51 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada 13.12.2016, I.L.C., con enderezo a efectos de notificacións en Fontes, nº 151-Tirán-Moaña 36950, manifestou a súa intención de transmitir o posto de peixe nº 51 (antigo 60) do que é titular a súa sobriña A.G.L., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa da Paz nº 18-baixo esquerda-36940-Cangas.

II.- Con rexistro de entrada do 28.12.2016 transmisora e adquirente reiteran a súa solicitude por escrito de data 27.12.2016 asinado por ambas no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe citado por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión. Achegan á solicitude da documentación acreditativa do parentesco, xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto e nº de conta bancaria ao que pasar os sucesivos cobros unha vez que se perfeccione a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: "A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión". O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión Inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: "No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ao concello onde o transmitinte e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo



Concello de Cangas

de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comuniquen que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior á autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comuniquen ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión inter vivos".

Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: "(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización."

SEGUNDA.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión inter vivos por parentesco dentro do 3º 9 grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

TERCEIRA.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

CUARTA.- De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 51 (antigo 60) de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que é titular M.I.L.C., a favor da súa sobriña A.G.L., debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás interesadas, así como á Tesourería advertindo que pon fin á vía administrativa, polo que contra dela pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o Alcalde deste



Concello de Cangas

concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade aos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de transmisión de posto de venda de peixe nº 51 da Praza de Abastos Municipal.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

12º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/APROBACIÓN DE BASES DO CERTAME “ARTE NO MORRAZO-2017”

Dáse conta de proposta do 30.12.2016 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprobación de bases do certame “ARTE NO MORRAZO-2017”, que son as seguintes:

“BIENAL “ARTE NO MORRAZO” / XXII EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS - FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO

Do 9 de xuño ao 28 de xullo de 2017.

O Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo convocan a Bienal “Arte no Morrazo”, co fin de fomentar as Belas Artes e estimular a creatividade, diversificándose con un premio-beca, en colaboración coa Facultade de BB. AA. de Pontevedra - Universidade de Vigo, segundo as seguintes BASES:

1.- Poderán concorrer á BIENAL “ARTE NO MORRAZO”, todos os/as artistas que o soliciten, nacionais ou estranxeiros/estranxeiras.

2.- Cada artista poderá presentar unha única obra, nas modalidades de pintura ou escultura.



Concello de Cangas

3.- As obras en pintura, terán polo menos nunha das súas dimensións oitenta centímetros

como mínimo e douscentos centímetros como máximo e serán presentadas enmarcadas con listóns, preparadas para o seu pendurado e identificadas no seu reverso. O tema e técnicas serán libres.

As obras en escultura, non serán inferiores a setenta e cinco centímetros en calquera das súas dimensións, nin pasaren dos douscentos centímetros, sendo o seu peso máximo de 75 quilos.

O tema e técnica serán libres.

4.- Todas as obras presentadas estarán debidamente asinadas, serán únicas e orixinais e que non participasen en anteriores edicións deste certame.

5.- Os/as interesados/interesadas en participar na BIENAL "ARTE NO MORRAZO", deberán enviar en formato dixital ao enderezo electrónico: auditorio@cangas.gal, un dossier con currículo e cinco fotografías de outras obras do autor, engadidas a que opte á selección, coa correspondente ficha técnica, así como a pertinente solicitude de participación debidamente cumprimentada e asinada. O prazo de presentación será do 20 de xaneiro até o 22 de abril de 2017.

6.- Un xurado presidido polo concelleiro de Cultura, nunha primeira fase seleccionará de entre as solicitudes presentadas, as obras que vaian formar parte da BIENAL "ARTE NO MORRAZO"/ XXII EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS - FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO, mostra que terá lugar na SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, do 9 de xuño até o 28 de xullo de 2017. Os/as autores/autoras das obras seleccionadas serán debidamente notificados/notificadas con anterioridade ao día 5 de maio de 2017, data límite da entrega física da obra e fotografía desta, con suficiente resolución para a inclusión en catálogo. De entre as obras seleccionadas, nunha segunda fase elixiranse as catro premiadas, que pasarán a formar parte dos fondos de arte dos copatrocinadores -Concello de Cangas e Frigoríficos do Morrazo-.

Os premios e beca, daranse a coñecer no acto de clausura.

7.- O Concello de Cangas e Frigoríficos do Morrazo, dotan á BIENAL "ARTE NO MORRAZO" /XXII EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS - FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO, coa cantidade de doce mil euros (12.000,00 €), como premio-adquisición (prémianse 4 PEZAS a razón de tres mil euros (3.000,00 €) cada unha, que corresponden a tres obras seleccionadas e unha beca de estudos de Posgrao en Formación Artística), de non quedaren desertos. Así mesmo os



Concello de Cangas

organizadores sufragarán os gastos organizativos que conleve o desenvolvemento do certame, cartelería, publicación do catálogo...

8.- As obras seleccionadas para formar parte da BIENAL "ARTE NO MORRAZO", deberán seren retiradas a partires do 28 de xullo até o 30 de setembro de 2017. De non seren retiradas no devandito prazo, o autor renuncia a propiedade da obra e esta pasa a formar parte dos fondos de arte do Concello de Cangas.

9.- Dentro da BIENAL "ARTE NO MORRAZO", a partires da súa XX EDICIÓN CONCELLO DE

CANGAS-FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO, diversifícanse os premios cunha nova modalidade consistente nun PREMIO-BECA de estudos na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. É obxectivo, ampliar a convocatoria de apoio á creación a través dun impulso e estímulo á formación artística. Preferentemente, sen que sexa excluínte, orientado a nados/nadas ou residentes nos concellos do Morrazo e que opten a cursar estudos de posgrao (máster) en formación artística, no seu defecto teranse en conta estudos de grao en Belas Artes. Unha parte da dotación da beca irá destinada a sufragar os gastos de matrícula dos estudos. A contía destinada será a mesma que a que corresponda aos outros tres premios tres mil euros (3.000,00 €). Poderán concorrer a esta modalidade todas as persoas que se presenten ao certame especificando o seu interese en facelo. Os/as concursantes que opten polo premio-beca deberán facelo constar e axuntar á obra, a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI, curriculum vitae extractando o expediente académico dos estudos cursados de grao ou licenciatura e un escrito de motivación expondo o interese en ampliar os seus estudos.

10.- Os gastos de embalaxe e transporte das obras, ida e volta, correrán por conta da/do artista, que as poderá enviar por calquera medio de transporte ou presentándose persoalmente para depositalas no Auditorio de Cangas. Todas as obras deberán estar embaladas. O Auditorio de Cangas non se responsabilizará do seu deterioro por unha embalaxe ou transporte non adecuado. Deberán estar protexidas para a seguridade na súa manipulación. En caso de que na desembalaxe se detecte algún desperfecto non se considerará responsabilidade da organización. O persoal do Auditorio de Cangas porá o máximo celo no coidado das obras recibidas. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado. As/os artistas deberán achegar todos os elementos necesarios para a correcta instalación e exposición das obras. No caso de que algún elemento non sexa proporcionado polo artista, este deberá facilitar opcións ou adaptarse aos elementos que a organización estea en condicións de ofrecer.



Concello de Cangas

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- Os/as participantes na BIENAL "ARTE NO MORRAZO", aceptarán integramente as presentes bases".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprobación de bases do certame "ARTE NO MORRAZO-2017".

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE DEPORTES S/PRÓRROGA DO CONTRATO DE "SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS"

Examinada a proposta do concelleiro de Deportes do día 02.01.2017, relativa á prórroga do contrato de "SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS", que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS'

Visto que en data 01.08.2016 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar o contrato asinado o 28.10.2015 coa Unión Temporal de Empresas 'SOOM MANAGEMENT SL' e 'ESPROADE SL', denominada abreviadamente 'UTE A BALEA' de 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS', por un período de 4 meses (ata o 3 de xaneiro de 2017) aos efectos de garantir a prestación dos servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas na piscina cuberta municipal ata que finalice a tramitación do expediente de adxudicación do novo contrato, que, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada esixe a tramitación dun procedemento que se vai a prolongar durante varios meses.

Visto que a data de hoxe non rematou a tramitación do procedemento de adxudicación do contrato de 'SERVIZOS TÉCNICOS PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL', sendo o último trámite realizado a realización da mesa de contratación o 2 de xaneiro de 2016, onde se deu a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor e se procedeu á apertura dos sobres «C»; polo que se mantén vixente



Concello de Cangas

a causa que motiva a necesidade de prorrogar o contrato asinado coa 'UTE A BALEA' de 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS', ata que se adxudique o novo contrato.

Visto que o artigo 303.1 do TRLCSP prevé a posibilidade de prórroga por mutuo acordo os contratos de servizos.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

** Prorrogar, polos motivos expostos, o contrato asinado coa Unión Temporal de Empresas 'SOOM MANAGEMENT SL' e 'ESPROADE SL', denominada abreviadamente 'UTE A BALEA CANGAS' de 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS' ata o 31 de xaneiro de 2017."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Deportes transcrita anteriormente relativa á prórroga do contrato de "SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICAS E AS ACTIVIDADES DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS", transcrita anteriormente.

B) ESCRITO DA PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/APROBACIÓN DO PLAN DE CONCELLOS-2017

Dáse conta de escrito do día 02.12.2016 (R.E. 17.131 do 12.12.2016) da presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, no que con relación a aprobación do Plan de Concellos-2017, se informa ao Concello de Cangas do seguinte:

"Un ano máis pónome en contacto contigo para comunicarche que esta Deputación vai aprobar o Plan Concellos 2017, un modelo de repartición no que a distribución dos fondos provinciais que poñemos á disposición das entidades locais se volve facer de xeito obxectivo e equitativo.

- Nesta anualidade o esforzo de investimento da Deputación será aínda maior: repartirase un total de corenta e un millóns douscentos mil euros (41.200.000 €) e estableceranse como criterios de repartición na parte variable a superficie, a poboación, o número de núcleos e como novidade, a densidade poboacional de cada unha das entidades locais.*

Outra modificación respecto ao ano 2016 é a desaparición da liña 3 de actividades, que se suple coa dotación de maiores fondos aos servizos desta administración para que as entidades locais poidan tamén optar a axudas por concorrencia competitiva para as súas actividades culturais, turísticas, sociais, medioambientais ou de igualdade.



Concello de Cangas

Así mesmo, permitirase que na liña 1 se inclúa a compra de subministracións, coma instrumentos musicais, elementos de transporte, material administrativo e turístico ou calquera cuestión que o Concello estime necesaria e para garantir unha maior liquidez nas economías municipais, coa liña 2 poderase pagar gasto corrente novo.

Ademais, a liña 3 pasará a ser a de emprego, que se manterá coas mesmas condicións de contratación que no Plan Concellos 2016.

A título informativo, á espera de que as bases do Plan Concellos se aproben no vindeiro Pleno, adiántoche as cantidades que lle corresponderían ao teu Concello no caso de que estiveses de acordo con este modelo e decidises adherirte a el.

Este ano co Plan Concellos 2017 recibiredes un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €).

Para seguir mantendo o principio de autonomía local poderás repartir estes fondos como consideres, en función das necesidades e prioridades do teu Concello, axustándote, en todo caso, a un 15% na liña 2 e a un 22,5% na liña 3; poderanse investir na liña 1 as cantidades non esgotadas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento de escrito da presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se informa do Plan de Concellos-2017.

C) ESCRITO DE M.S.A. S/COMUNICACIÓN DE OCUPACIÓN EFECTIVA DE VIVENDA ESCOLAR ADXUDICADA POLA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dáse conta de escrito presentado o día 28.12.2016 por M.S.A., mestra do CEIP do Hío, no que comunica ao Concello de Cangas que está de acordo coa adxudicación da vivenda escolar, núm. 8-1 do CEIP de Espiñeira-Aldán (Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do día 06.10.2016) e que non pode facer a ocupación efectiva da referida vivenda ata realizar as reformas que a fagan habitable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento de escrito da Sra. S.A., referente a ocupación efectiva de vivenda escolar do CEIP de Espiñeira-Aldán.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente